

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2015, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia do acordo de interpretación do artigo 29 do II Convenio colectivo do PDI laboral das universidades públicas galegas.

Visto o texto do acordo de interpretación do artigo 29 do II Convenio colectivo do PDI laboral das universidades públicas galegas, que se subscribiu con data do 23 de xullo de 2015, entre a representación empresarial e a representación dos traballadores, e de conformidade co disposto no artigo 90, puntos 2 e 3, do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

Esta Secretaría Xeral de Emprego

ACORDA:

Primeiro. Ordenar a inscrición do devandito acordo no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18 de novembro).

Segundo. Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2015

Covadonga Toca Carús
Secretaria xeral de Emprego

Acordo de interpretación do artigo 29 do II Convenio colectivo do PDI laboral das universidades públicas galegas

Os sindicatos e as universidades representadas na Comisión Paritaria do II Convenio colectivo do PDI laboral das universidades públicas galegas (DOG do 14 de abril de 2011), reunida o 23 de xullo de 2015, acordan interpretar o parágrafo segundo do punto 2 do artigo 29 no senso de incluír no cómputo como servizos prestados no ámbito docente ou



investigador das universidades públicas de Galicia as vinculacións laborais ligadas a actividades de investigación realizadas nas universidades públicas galegas mediante contratacións non incluídas no ámbito de aplicación do II Convenio colectivo do PDI laboral que prevé o artigo 4.

CVE-DOG: rdbz0xt8-yoi6-jno7-zpw9-jjujqrxfl0

